

**LENGUA**

# 6

## Nuestro pequeño mundo

### Leo mejor

#### La prelectura

Seguro que conoces algún pueblo en donde vive poca gente o alguna ciudad en la que se producen aglomeraciones con frecuencia.

Antes de leer el texto, observa las fotografías y comenta con tus compañeros cuáles os parecen los problemas más graves de nuestro mundo y cómo os gustaría que fuera.

Después, lee con atención el texto para poder comentarlo.

Llegó un momento en que en este mundo no se podía vivir.

Uno de los principales problemas era que había demasiada gente. Los hombres y las mujeres se habían dedicado durante años y años a reproducirse, reproducirse, reproducirse, y de pronto se encontraban con que no cabían en la Tierra.

Al principio, en los pueblos vivían decenas de personas. Pasó el tiempo y ya vivían centenares. Poco después fueron miles, y más tarde, centenares de miles. Y al final ya no se llamaban pueblos, sino ciudades, y eso significa que en ellas podían llegar a reunirse millones de personas.

Como no había sitio para todos, en las ciudades la gente se las ingenió para vivir amontonada, poniendo unas viviendas sobre las otras y entonces las llamaban pisos.



En verano, cuando todos decidían ir a la playa, para bañarse en el mar, los caminos, las carreteras, las autovías y las autopistas se atascaban como cuando te empeñas en que algo pase por un agujero demasiado pequeño, y los ciudadanos se quedaban atrapados allí, encerrados en sus coches, bajo el sol ardiente, sin poder avanzar ni retroceder.

Y, cuando llegaban a las playas (para que os figuréis lo lleno que estaba este mundo nuestro), no había sitio para todos: ¡no había mar suficiente para todos, y fijaos lo grande que es el mar!

Imaginaos cómo sería que incluso hubo Gobernantes que se vieron en la necesidad de prohibir a los matrimonios que tuvieran más de un hijo.

Imaginaos cómo sería que se terminaron los nombres: no había nombres suficientes para aquella **muchedumbre** y os podíais encontrar fácilmente con dos personas que se llamaran igual. Había muchos Eleuterios, por ejemplo, aunque os parezca mentira. Pero muchos. Podíais encontrar muchísimos Pausilipos, y Armogastos, y Euquerios, y en cada familia había al menos un Juan, o un José, o una María.

Había tal cantidad de gente, en este nuestro pequeño mundo, que algunas **etnias** incluso se fueron a vivir al Polo Norte (¡con el frío que hace!), porque no cabían en ninguna otra parte, y se construyeron casas de hielo, que se llamaban iglúes.

Y no solo eso sino que, además, fijaos bien, hubo comunidades que se fueron a vivir al desierto (¡con el calor que hace allí, donde todo es arena y no hay agua!), y plantaron en él sus tiendas y convirtieron al desierto en un lugar poblado, que ya me contaréis cómo se come eso, desierto y poblado a la vez, no puede ser.

Andreu Martín, *La guerra de los minúsculos*. Ed. Anaya.

**EL DESAFÍO**

En la semana cultural del colegio se ha propuesto la lectura de «La guerra de los minúsculos» y un coloquio posterior sobre este libro.

**Muchedumbre:** multitud de personas.

**Etnia:** grupo humano perteneciente a una misma raza.



PREGUNTAS EXPRES

Después de escuchar o de leer el texto, contesta en tu cuaderno

- 1 La sobrepoblación de la Tierra es la causa:
  - a) De que las personas vayan a la playa en verano.
  - b) Del origen de las ciudades.
  - c) De que el hombre se haya hecho cazador.
- 2 Un efecto de la sobrepoblación es también:
  - a) Que los nombres raros se repitan.
  - b) Que los nombres se repitan.
  - c) Que cada familia tenga al menos un nombre raro.
- 3 Para solucionar el problema de la falta de sitio en las ciudades:
  - a) La gente construyó pequeñas casas adosadas.
  - b) La gente construyó pisos.
  - c) La gente decidió volver a los pueblos.
- 4 Algunas etnias, ante la aglomeración de gente, decidieron:
  - a) Emigrar al Polo Sur.
  - b) Emigrar al desierto africano.
  - c) Emigrar al Polo Norte y al desierto.

Trabaja con el contenido

- 1 Escribid en el orden en que aparecen en la lectura los efectos del aumento de la población en la Tierra:



Carreteras y playas atascadas.



Migraciones al Polo Norte y al desierto.



Nacimiento de las ciudades.



Repetición de nombres propios.

HAZLO EN EQUIPO

Contesta oralmente

- 2 ¿Cómo se explica en el texto que llegó un momento en que no se podía vivir en la Tierra?
- 3 ¿Con qué expresión se nombra en el texto a la Tierra?
- 4 ¿Cómo se denominan las casas de hielo?
- 5 ¿Por qué al narrador le parece chocante que el desierto esté poblado? Justifica tu respuesta.

Contesta por escrito

- 6 Escribe en tu cuaderno cuatro oraciones en las que el narrador se dirija al lector; por ejemplo: «Para que os figuréis».
- 7 Copia las definiciones que se dan en el texto de piso y desierto.
- 8 Escribe en tu cuaderno las definiciones que aparecen en el diccionario de las palabras anteriores.
- 9 Escribe dos consecuencias más de la sobrepoblación de la Tierra.



Reflexiona

- 10 ¿Te parece que la lectura es un texto que imita el modo de expresarse por escrito de un niño o se trata de un texto científico? Justifica tu respuesta.



Relaciona con tu mundo

- 11 Escribid en parejas un texto señalando otro gran problema de la Tierra, por ejemplo, el mal uso de la naturaleza. Seguid el modelo de la lectura, pero en un tono serio:
  - Explicad qué consecuencias se derivan de ese mal uso.
  - Indicad qué solución le daríais a ese problema.

Creá tu fichero de lectura

- 12 Completa la ficha en tu cuaderno.

UNIDAD 6

- Nombre del autor:
- Título del libro:
- Resumen:
- Opinión:



**ACTIVIDADES:**

**Preguntas exprés (solo se copia la pregunta y la respuesta correcta), ejercicios 1, 2, 3, 4, 5 (por escrito) , 6 y 9.**

**CIENCIAS SOCIAIS**

Facer os exercicios do tema 7 que vos mandei o último día que tivemos Ciencias Sociais.

Para os que non teñan o libro na casa envío estas capturas.

## O reinado de Afonso XIII

Afonso XIII foi o último rei da Restauración. Era fillo de Afonso XII e foi proclamado rei en 1902. 1

Durante o seu reinado, España viviu graves conflitos sociais e políticos. Por exemplo:

- **As folgas.** Os sindicatos, para mellorar as condicións dos obreiros, levaron a cabo numerosas folgas.
- **O nacionalismo.** En Cataluña, no País Vasco e en Galicia xurdiron movementos que reclamaban con forza a autonomía para os seus territorios.
- **A guerra en Marrocos.** Os habitantes do norte de Marrocos sublevaronse contra o exército español, que controlaba esta zona, e enfrontáronse nunha guerra.

A partir de 1909, o sistema da Restauración sufriu unha serie de crises que conduciron finalmente á súa desaparición: a Semana Tráxica, a folga xeral de 1917 e o desastre de Annual.



1 O rei Afonso XIII.



**A Semana Tráxica.** En 1909 en Barcelona e noutras cidades catalás produciuse unha revolta popular provocada polo envío de soldados á guerra de Marrocos.

Os soldados eran na súa maioría obreiros e campeiros, xa que as clases altas pagaban diñeiro para evitar ser recrutados polo exército.



**A folga xeral de 1917.** Os sindicatos, para protestar pola subida de prezos e as malas condicións en que vivían os obreiros, convocaron unha **folga xeral**. O goberno utilizou o exército para freala. Aínda que a folga fracasou, o movemento obreiro cada vez tivo maior importancia.

**O desastre de Annual.** A principios do século XX, España controlaba algúns territorios no norte de África. En **Marrocos** houbo unha forte oposición ao control español.

En 1921, os rebeldes desta zona derrotaron o exército español en Annual, onde morreron arredor de dez mil soldados **españóis**.



## A ditadura de Primo de Rivera

Tras o desastre de Annual, o malestar da poboación foi medrando. Coa escusa de restablecer a orde, o xeneral Miguel Primo de Rivera deu un golpe de Estado en 1923. 2

Primo de Rivera instaurou unha **ditadura militar**, é dicir, asumiu todos os poderes do Estado, suspendeu a Constitución, prohibiu os partidos políticos e os sindicatos e limitou as liberdades dos cidadáns. O rei apenas tiña importancia, apoiou a ditadura e deixou o goberno nas súas mans.

Primo de Rivera logrou a vitoria na guerra de Marrocos e durante o seu mandato realizáronse numerosas obras públicas, como a construción de estradas e de liñas de ferrocarril. 3

Pero a maior parte da poboación reclamaba máis liberdades e opuxéronse ao seu goberno. Por iso, en 1930 o rei retiroulle o seu apoio e Primo de Rivera presentou a dimisión.

## A fin da monarquía

Cando Primo de Rivera deixou o poder, Afonso XIII mandou formar un novo goberno que restaurase a Constitución e convocase eleccións.

O 12 de abril de 1931 celebráronse eleccións municipais e nelas venceron os partidos políticos que apoiaban unha república.

Ante este resultado, Afonso XIII renunciou ás súas funcións e deixou España camiño do **exilio**.



3 Afonso XIII na inauguración do metro de Madrid en 1919.



2 O xeneral Miguel Primo de Rivera.

### COMPRENDER MELLOR

Unha **ditadura** é un sistema político autoritario en que todo o poder do Estado se concentra nunha soa persoa, o **ditador**, ou nun grupo de persoas.

Nas ditaduras, os cidadáns non elixen os seus representantes, non controlan o goberno nin tampouco poden opoñerse ás decisións do ditador.

### ACTIVIDADES

#### 1 Contesta.

- Que rei ocupou a coroa española ao inicio do século XX?
- Cales foron os principais problemas que afectaron o país durante o seu reinado?
- Que sistema político se instaurou en España en 1923?
- Que medidas se tomaron co pretexto de garantir a orde?

#### 2 EXPRESIÓN ESCRITA. Explica o significado da palabra **exilio**.

## A Segunda República e a Guerra Civil

7

### A Segunda República

O 14 de abril de 1931, despois de que Afonso XIII abandonase España, proclamouse a **Segunda República** 1 e nomeouse presidente a Niceto Alcalá Zamora.

Ese mesmo ano, aprobouse unha nova **Constitución** e implantouse un sistema político democrático, en que se estableceron, entre outras cousas:


- O **sufraxio universal**. Por primeira vez recoñeciase o dereito das mulleres a votar. España foi un dos primeiros países europeos en que se recoñeceu este dereito **ás mulleres**. 2
- A **separación entre o Estado e a Igrexa**. A relixión católica deixou de ser a relixión oficial en España.
- A **creación de rexións autónomas**. En 1932 aprobouse o Estatuto de Autonomía de Cataluña e en 1936, o do País Vasco, e votouse o de Galicia.

### As reformas da Segunda República

Durante os primeiros anos da República levouse a cabo unha ampla política de reformas co obxectivo de modernizar o país. Por exemplo:

- A **reforma agraria**. Repartíronse terras entre as familias de campesiños para mellorar as súas condicións de vida e, á vez, aumentar a produción agrícola.
- A **reforma da ensinanza**. Construíronse miles de escolas por todo o país para impulsar a educación. 3
- A **reforma laboral**. Entre outras medidas, estableceuse un salario mínimo e reduciuse a xornada laboral.

Moitas destas medidas non foron aceptadas polos sectores máis conservadores. Os enfrontamentos entre os partidarios da República e os seus inimigos volvéronse cada vez máis frecuentes e tamén máis violentos.



1 O 14 de abril de 1931 proclamouse por segunda vez unha república en España.



2 Cola para votar nas eleccións xerais de 1933. Era a primeira vez que as mulleres votaban nunhas eleccións.



3 Durante a Segunda República déuselle moita importancia á educación.

### A Guerra Civil

O 18 de xullo de 1936, o xeneral Francisco Franco, apoiado por unha parte do exército e por todos os que se opoñían ás reformas da República, deu un golpe de Estado contra o goberno. Este feito foi o inicio da **Guerra Civil**, que se prolongou ata 1939.

Durante a guerra, a poboación española quedou dividida en dúas zonas:

- A **zona republicana**, que apoiaba o goberno da República, que era o lexítimo.
- A **zona sublevada**, chamada **nacional**, que apoiaba os partidarios do golpe de Estado de Francisco Franco.

Despois de case tres anos de guerra, as tropas do xeneral Franco ocuparon todo o territorio español.

O 1 de abril 1939, deuse por concluída a guerra coa derrota da República. 4

### As consecuencias da guerra

Como todas as guerras, a Guerra Civil española foi un tempo de sufrimento en que se combinaron a fame, o medo e a destrución.

- A **escaseza de alimentos** fixo que as autoridades limitasen o consumo de produtos básicos (pan, aceite...) a unha cantidade mínima por persoa.
- O **temor aos combates** e aos bombardeos levou a moitos cidadáns a abandonar os seus fogares e fuxir das zonas en conflito en busca de protección.
- A **destrución** de vivendas, infraestruturas e industrias deu lugar a unha gran crise económica que se prolongou durante moitos anos despois da guerra.

As consecuencias foron dramáticas: centos de miles de mortos e exiliados, cuantiosas perdas económicas e unha sociedade dividida en vencedores e vencidos. 5



4 Desfile do bando nacional en Madrid tras a súa vitoria en 1939.



5 Ao final da guerra, moitas persoas tiveron que abandonar os seus fogares.

### ACTIVIDADES

- 1 Que medidas adoptou o goberno republicano para modernizar o país?
- 2 Por que que se produciu a Guerra Civil? En que zonas quedou dividida España durante a guerra?
- 3 **EDUCACIÓN CÍVICA.** É a guerra a única vía para resolver os conflitos entre as persoas? Como cres que se constrúe a paz ante un conflito? Reflexiona e explica.

## A época franquista

En abril de 1939, os vencedores da Guerra Civil impuxeron en España un sistema político baseado nunha ditadura, que durou máis de trinta anos. 1

### O franquismo, unha ditadura

Tras a guerra, o xeneral Franco asumiu todo o poder e gobernou de forma autoritaria. Por iso, o período en que Franco estivo no poder, desde 1939 ata 1975, coñécese como **franquismo**.

Durante eses anos, España pasou de ser un país democrático a ser unha ditadura.

- **Suprimíuse a Constitución.** No seu lugar aprobáronse leis en que se limitaban os dereitos dos cidadáns.
- **Concentrouse todo o poder nunha soa persoa.** Franco era xefe do Estado, do goberno e do exército. Facía as leis sen contar coas Cortes, que tiñan membros que non eran elixidos democraticamente.
- **Prohibíronse os partidos políticos e os sindicatos.** Estes foron substituídos por un único partido e un único sindicato controlados polo goberno.
- **Anuláronse os estatutos de autonomía** de Cataluña e do País Vasco e impediuse a entrada en vigor do de Galicia. Impúxose o español como única lingua do Estado.
- **Implantouse a censura.** Prohibíronse libros, películas, obras de teatro e calquera tipo de manifestación contraria ás ideas da ditadura.

### Os primeiros anos do franquismo

Os primeiros anos da ditadura foron difíciles. A **represión** foi moi dura. Miles de persoas que apoiaran a República foron perseguidas e metidas no cárcere e outras moitas exiliáronse.

Nestes anos España quedou **illada internacionalmente**. Ao ser unha ditadura, moitos países deixaron de ter relacións con España.

Por outra parte, a economía pasou por unha grave crise. Moitas industrias e a maior parte das infraestruturas foran destruídas durante a Guerra, a agricultura producía moi pouco e o comercio con outros países foi case inexistente, debido ao illamento internacional.

Ademais, faltaban alimentos e produtos de primeira necesidade, polo que a poboación pasou por moitas dificultades. 2



1 Despois da Guerra Civil, Francisco Franco impuxo en España unha ditadura.



2 Despois da guerra as persoas tiñan que facer longas fileiras para obteren produtos básicos.

#### TRABALLA COA IMAXE

- Por que estas persoas agardaban en fileira na rúa?
- A que clases sociais pensas que pertencían estas persoas?
- Fíxate no cartel. Que crees que significaba «Auxilio Social»?
- Existen na actualidade organizacións semeliantes á de Auxilio Social? Xustifica a resposta.

### Os cambios no franquismo

A partir da década de 1950, España empezou a ser aceptada internacionalmente.

Nesta época, asináronse acordos de cooperación con algúns países, como Estados Unidos, e en 1955 España foi admitida como membro da **Organización de Nacións Unidas (ONU)**.

Desde 1960 a economía comezou a mellorar: aumentou a produción da industria, modernizouse a agricultura con máquinas que facilitaban os labores agrícolas e melloráronse as infraestruturas. O turismo converteuse nunha das principais actividades económicas do país.

Este crecemento económico axudou a que aumentase o **nível de vida dos españois**. 3

Con todo, continuaba a falta de democracia. A ditadura seguía exercendo un fortísimo control sobre a poboación e as persoas que estaban en contra do goberno metíanas no cárcere.

### A fin do franquismo

Entre 1970 e 1975 a oposición ao goberno do xeneral Franco foi medrando.

Os sindicatos, aínda que seguían prohibidos, comezaron a organizarse de forma **clandestina**, é dicir, en segredo, por temor a que os detivesen.

Tamén os estudantes realizaron manifestacións en que reclamaban un sistema democrático. 4

O 20 de novembro de 1975 o xeneral Francisco Franco faleceu. Coa súa morte acabou a ditadura e foi o inicio dun novo tempo en que se implantou a democracia.



3 O Seat «Seiscientos» converteuse no símbolo de prosperidade en España na década de 1960.



4 O cantante Raimon na Universidade Complutense. Durante os últimos anos do franquismo, nos concertos dalgúns cantantes, os estudantes protestaban pola falta de liberdade.

#### ACTIVIDADES

- 1 **Que é o franquismo?**
- 2 **EXPRESIÓN ESCRITA.** Describe as tres etapas do franquismo, en que anos se produciron e o que as caracterizou.
- 3 **EDUCACIÓN CÍVICA.** Como crees que cambiaría a túa vida se nestes momentos en España non houbera democracia? Pensa e explica.

**Analizar un cadro**

Ao analizar unha pintura debemos ter en conta aspectos como a cor, a luz, o espazo, a liña...; e aspectos relacionados co contido, como, que é o que se representa, por que se realizou ou en que momento histórico se creou.



Guernica, obra de Picasso. Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid).

→ **Comprende a información.**

- 1 **Le «Un símbolo da paz» (páxina 108), observa a obra e contesta.**
  - Como se titula este cadro? En que Museo se encontra?
  - quen o pintou? Con que motivo? Que representou?
  - Que cores empregou? Que sensación che producen as cores?
- 2 **Que che suxire este cadro? Escolle tres palabras e di por que.**

tristura ▪ paz ▪ medo ▪ fastio  
dor ▪ vergoña ▪ guerra

→ **Busca información.**

- 3 **Busca información en Internet e pescuda o que representan estas figuras do Guernica.**

a muller co neno no colo ▪  
o touro ▪ o cabalo ▪ a muller da  
lámpada ▪ a muller axeonillada

→ **Pensa e explica.**

- 4 **O Guernica permaneceu moitos anos en Nova York, xa que Picasso se negou a que o cadro estivese en España ata que non houbo unha democracia.**
  - Por que Picasso actuou así?
  - Cando crees que chegou Guernica a España: antes ou despois de 1975? Por que?

→ **Demostra que sabes facelo.**

8 **Analiza o cadro Guernica.**

- Describe a obra.
- Explica o significado dos elementos representados.
- Relaciona o cadro co que estaba sucedendo en España nese momento.
- Fai unha valoración persoal e indica o que che parece este cadro.

- 1 **RESUMO.** Copia no caderno este resumo e completa cada parágrafo cos contidos das páxinas 110, 111, 112 e 113.

**España a comezos do século XX**

A comezos do século XX, Afonso XIII era o rei de España. Durante o seu reinado, en España vivíronse algunhas situacións moi graves. Por exemplo, \_\_\_\_\_.

Tras o desastre de Annual, o malestar social medrou e o xeneral Miguel Primo de Rivera deu un golpe de Estado en 1923. A continuación, instaurou unha \_\_\_\_\_, é dicir, \_\_\_\_\_.

O 12 de abril de 1931 celebráronse as eleccións municipais en España. Nestas eleccións venceron os \_\_\_\_\_.

**A II República e a Guerra Civil**

O 14 de abril de 1931 proclamouse a Segunda República e aprobouse unha Constitución, que estableceu \_\_\_\_\_.

Durante a República emprendéronse reformas, como \_\_\_\_\_.

Estas medidas provocaron o enfrontamento entre os partidarios da República e os contrarios a ela. A situación fíxose cada vez máis inestable e desembocou en \_\_\_\_\_.

Tras a Guerra Civil, os vencedores impuxeron unha \_\_\_\_\_, que durou máis de \_\_\_\_\_.



- 2 **LIÑA DO TEMPO.** Elabora unha liña do tempo dos séculos XX e XXI e sitúa nela os principais acontecementos ocorridos en España durante ese tempo.



- 3 **PALABRAS CLAVE.** Le as páxinas 116 e 117 do libro e explica o significado das palabras do recadro da dereita.

Despois, fai un resumo sobre o que ocorreu en España desde 1975 ata 2014 en que utilices esas palabras.

- Transición
- Referendo
- Constitución de 1978
- Comunidades Autónomas